

Repsol, Autoridade Portuaria e Intecmar realizan un exercicio de coordinación de seguridade en Langosteira

Esta mañá tivo lugar un exercicio de seguridade para a coordinación dos Plans Interiores Marítimos da Autoridade Portuaria da Coruña e de Repsol, organizadores do adestramento xunto ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), pertencente á Consellería de Mar da Xunta de Galicia, en colaboración con CETMAR, Capitanía Marítima, Gardacostas de Galicia e SASEMAR.

Más de 30 persoas das distintas entidades participaron neste exercicio, cuxos obxectivos principais foron comprobar a eficacia tanto da estrutura organizativa e coordinación dos dous Plans Interiores Marítimos (PIM), como dos sistemas de comunicación, así como potenciar as capacidades de adestramento e exercicio do persoal e a operatividade dos medios de seguridade das instalacións.

Esta actuación enmárcase no ámbito de tarefas previas á posta en marcha do novo terminal marítimo de Repsol no Porto Exterior e forma parte do acordo de colaboración subscrito en maio do pasado ano entre Repsol, a Autoridade Portuaria da Coruña e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) en materia de protección do medio mariño das distintas augas portuarias da Coruña e a súa contorna no Golfo Ártabro.